

Unión Europea
Fondo Social Europeo



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade



para unha galicia sen violencia de xénero

eu tamén navegar

eu tamén navegar

para unha galicia sen violencia de xénero

Convocatoria

Orde do 9 de abril de 2008
(DOG nº 74 do 17 de abril)

Obxectivo

Estimular, recoñecer, incentivar e reforzar o labor de persoas, colectivos ou entidades que coa súa traxectoria vital, persoal ou profesional contribúisen a previr, denunciar ou combater situacións de violencia contra as mulleres en Galicia.

Premio

Dotación económica de 5000 euros, diploma acreditativo e obxecto conmemorativo.

Destinatarios

Todas as persoas maiores de idade, colectivos, entidades ou institucións, tanto públicas como privadas, que coa súa traxectoria ou labor contribúisen e destacasen na consecución do obxectivo previsto.

Candidaturas

Presentaranse directamente por persoas ou entidades que consideren relevante destacar o labor dalgunha persoa, entidade ou institución no seu traballo a prol das mulleres que sofren violencia de xénero. Tamén poderán presentar candidaturas as persoas ou entidades que se consideren merecentes do premio.

Presentación de candidaturas

Mediante instancia recollida no anexo II da orde e acompañada dunha memoria explicativa dos valores e méritos de cada candidatura.

Resolución

A selección estará a cargo dun xurado, presidido pola secretaria xeral da Igualdade.
A proposta do xurado elevarase ao vicepresidente da Igualdade e do Benestar que resolverá.